

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<https://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 30/09/2021

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes:

- DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
- D. ARGIMIRO SERÉN MERA
- DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
- D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
- DONA SONIA OUTÓN CASAL
- D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
- DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
- D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
- DONA ALBA BRIONES GAMARRA
- D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
- DONA MATILDE LAYA LORENZO
- DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
- D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
- D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
- D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
- D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
- DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ

Lista de non asistentes:

- DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
- D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30/09/2021, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de agosto de 2021.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes agosto de 2021.
3. Ratificación da Memoria de Actividades Deportivas realizadas durante o ano 2020.
4. Aprobación definitiva, se procede, da Conta Xeral do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2020.
5. Aprobación inicial, se procede, de expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº 03/CE/2021 para o investimento denominado "adquisición de terreos no Ramal".
6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para cumprimento dos compromisos coa Vila de Vilaxoán.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común en defensa dos servizos ferroviarios en Vilagarcía.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a regulación mediante unha ordenanza municipal da circulación de vehículos de mobilidade persoal en Vilagarcía.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para promover actividades extraescolares inclusivas.

11. Aprobación, se procede, da moción conxunta presentada polos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila sobre recuperación do Servizo Público de Correos.

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 26 DE AGOSTO DE 2021: Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta de 26 de agosto de 2021.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de

tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21) a acta da sesión anterior de data 26 de agosto de 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE AGOSTO DE 2021: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Nova apertura de licitación
- 1 Aprobación pregos de contratación
- 2 Expediente transferencia de crédito
- 3 Expediente de xeración de crédito
- 1 Recoñecemento de obriga
- 1 Obtención certificado dixital funcionaria
- 1 Alta rexistro de animais potencialmente perigosos
- 1 Licenza tenza animais potencialmente perigosos
- 1 Baixa por caducidade de inscrición no Padrón Municipal de habitantes
- 4 Autorización de festas ao aire libre
- 2 Autorización fogos en festas ao aire libre
- 1 Anulación nomeamento profesor conservatorio profesional de música
- 2 Bases de selección de persoal
- 1 Aboamento servizos prestados en domingos, festivos e noites
- 13 Nomeamento de funcionarios/as ou laborais
- 5 Substitución posto de categoría superior
- 2 Comunicación Xunta de Galicia substitución Interventora e Tesoureira
- 2 Pagamento plan de pensións (xullo – agosto)
- 1 Corrección procedemento elaboración plan de mobilidade urbana sostible
- 1 Ampliación prazo presentación de ofertas en licitación
- 2 Estimatoria IVTM
- 3 Estimatoria Liquidacións e Baixas
- 2 Estimatoria compensación de débedas
- 4 Estimatoria de recibos
- 1 Estimatoria IBI
- 36 Estimatoria taxas e prezos públicos
- 3 Estimatoria pagos duplicados
- 3 Estimatoria rateo no IVTM
- 19 Estimatoria/Desestimatoria IIVTNU
- 32 Estimatoria beneficios fiscais no IVTM
- 3 Pago publicación anuncios BOP, DOG.
- 1 Pago axudas hostaleiros
- 3 Pago axudas emerxencia social
- 16 Orde de pago de facturas
- 1 Comunicación previa ampliación de actividade
- 2 Comunicación inicio de actividade
- 7 Deber de conservación
- 1 Declaración responsable de concertos
- 1 Precinto local
- 1 Desprecinto local
- 1 Aprobación inicial estudo de detalle
- 7 Reposición da legalidade urbanística
- 1 Legalización obras
- 4 Ampliación licenza terraza con mesas e cadeiras
- 3 Licenza para segregación de parcelas

8 Licenza de obra
2 Arquivo comunicación previa obras
6 Licenza de primeira ocupación e/ou acometida de auga e/ou saneamento
3 Ampliación rede eléctrica
32 Comunicación previa obras
3 Pago préstamos bancarios
TOTAL 257

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS POLA FPSDM DURANTE O ANO 2020. Dáse conta do Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de setembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria Anual de actividades da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ao ano 2020, desagregadas nos seguintes apartados:

1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade, curso 2019/20

1.2.- Escola Multideportiva, curso 2019/20

1.3.- Escola Deportiva de Base, curso 2019/20

2º.- ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS

2.1.- 2º Curso de actividades de adultos 2019/20

2.1.1.- Curso de Ximnasia de mantemento

2.1.2.- Curso de Ximnasia acuática

2.1.3.- Curso de Aeróbic

2.1.4.- Curso de Badminton

2.1.5.- Curso de Tai Chi

2.1.6.- Curso de Ioga

2.1.7.- Curso de Pilates

2.1.8.- Curso de Ximnasia Funcional

2.1.9.- Curso de Adestramento en Circuito

2.1.10.- Curso de Estiramientos

3º.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

3.1.- Actividades Físico-Recreativas para Adultos

3.3.- Torneos de Verán:

3.3.1.- XVIII Torneo de Tenis de Verán

3.3.2.- IV Torneo de Badminton Dobres

3.3.3.- XXVI Bandeira Concello de Vilagarcía de Traiñas.

4º.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

4.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes.

4.2.- Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

5º.- INCIDENCIA COVID-19 NA ACTIVIDADE DEPORTIVA.

Debido ao estado de alarma decretado polo Goberno a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a práctica da actividade física non federada e do deporte federado ao igual que sucedeu con outras cuestións e traballos, tivo que suspenderse polo que, entre outros non se puido impartir o 3º curso de actividades físico-recreativas de inverno planificada para os meses de abril, maio e xuño. A lexislación foi modificando a práctica da actividade física, permitindo primeiro a realización de actividade física individual ao aire libre, procedéndose a reapertura das instalacións deportivas ao aire libre do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a realización de actividades deportivas de carácter individualizado, sin

contacto, concretamente tenis e atletismo e con cita previa e, no transcurso do tempo e conforme as restriccións establecidas en cada momento foíse reabrindo todas as instalacións deportivas municipais e, iniciándose a actividade deportiva, primeiro de maneira individual e sen contacto e posteriormente os adestramentos colectivos de actividades federadas. Na actualidade seguen manténdose restriccións que impiden desenvolver a actividade lúdica-deportiva no interior.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a ratificación da Memoria de Actividades Deportivas realizadas durante o ano 2020.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (4) e BNG (1), e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a ratificación da Memoria de Actividades Deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2020.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA E DO SEU ORGANISMO AUTONOMO DEPENDENTE FUNDACION DE DEPORTES CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2020.

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020.

A conta xeral do exercicio 2020, formada pola Intervención, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, en adiante ICAL. Regras 44 a 51.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

O contido da conta xeral, regulado no artigo 209 do TRLRFL con carácter xeral, e detallado nas regras 44 a 51 da ICAL, que integra o expediente, constará das seguintes partes:

A) CONCELLO

- O BALANCE:

BALANCE	2016	2017	2018	2019	2020
ACTIVO					

ACTIVO NON CRRTE.	92.338.951,14	93.987.864,17	96.290.673,51	101.906.815,07	105.254.084,14
ACTIVO CORRENTE	8.209.536,60	11.374.481,45	9.794.331,46	10.559.785,64	16.178.756,79
DEBEDORES C/P	5.536.166,75	5.641.176,14	4.819.362,23	5.205.843,42	7.486.105,71
DISPONIBLE	2.596.595,27	5.658.232,56	4.862.578,45	5.286.227,33	8.634.262,21
TOTAL ACTIVO	100.548.487,74	105.362.345,62	106.085.004,97	112.466.600,71	121.432.840,93
PASIVO					
CAPITAIS PERMANENTES	92.968.622,55	98.096.220,06	99.731.770,64	106.366.093,53	111.234.316,08
FONDOS PROPIOS OU PATRIMONIO NETO	81.733.304,69	89.174.339,01	94.057.560,56	103.302.187,30	107.448.864,26
Pasivo non crtte.	11.235.317,86	8.921.881,05	5.674.210,08	3.063.906,23	3.785.451,82
Pasivo corrente	7.579.865,19	7.266.125,56	6.353.234,33	6.100.507,18	10.198.524,85
TOTAL PASIVO	100.548.487,74	105.362.345,62	106.085.004,97	112.466.600,71	121.432.840,93
FONDO MANIOBRA	629.671,41	4.108.355,89	3.441.097,13	4.459.278,46	5.980.231,94
FM/D	24,25%	72,61%	70,77%	84,36%	69,26%

- **CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL:**

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un Beneficio total por importe de 4.063.554,05 EUROS.

- **O ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:**

O patrimonio neto do Concello experimentou un incremento por patrimonio xenerado por importe de 4.147.676,99€, co seguinte detalle:

	I. Patrimonio	II. Patrimonio Xerado	III. Axustes por cambios de valor	IV. Subvencións recibidas	Total
A) Patrimonio neto ao final do exercicio 2019	42.601.500,82	60.249.210,83	0,00	451.475,65	103.302.187,30
B) Axustes por cambios de criterios contables e corrección de erros	0,00	-1.000,03	0,00	0,00	-1.000,03
C) Patrimonio neto inicial axustado do exercicio 2020 (A+B)	42.601.500,82	60.248.210,80	0,00	451.475,65	103.301.187,27
D) Variacións do patrimonio neto 2020	0,00	4.041.931,32	0,00	105.745,67	4.147.676,99
1. Ingresos e gastos recoñecidos no exercicio	0,00	4.063.554,05	0,00	105.745,67	4.169.299,72
2. Operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3. Outras variacións do Patrimonio Neto	0,00	-21.622,73	0,00	0,00	-21.622,73
E) Patrimonio Neto ao Final do Exercicio (C+D)	42.601.500,82	64.290.142,12	0,00	557.221,32	107.448.864,26

- **O ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:**

Obtívose unha variación positiva dos efectivos en 3.366.034,88€ co seguinte detalle:

Fluxos	Exercicio 2020
Fluxos netos (+/-) por actividades de xestión	4.357.944,16
Fluxos netos (+/-) por actividades de inversión	-3.198.203,40
Fluxos netos (+/-) por actividades de financiación	665.591,09
Fluxos netos (+/-) pendentes de clasificación	1.540.703,03
Efecto das variacións dos tipos de cambio	0,00
Disminución/Aumento neta do efectivo	3.366.034,88
Efectivo o inicio do exercicio	5.268.227,33
Efectivo o final do exercicio	8.634.262,21

- **LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:**

Que a súa vez componse dos seguintes documentos:

- **RESULTADO ORZAMENTARIO:**

O resultado orzamentario axustado que se desprende da liquidación do orzamento municipal

para o exercicio 2020 é POSITIVO con un importe de 2.334.479,21€ co seguinte desglose:

RESULTADO ORIZAMENTARIO 2020	
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	16.249.658,76
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	10.660.733,12
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital(Cap. VI e VII)	5.588.925,64
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	12.171.303,82
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	89.917,79
Total dereitos recoñecidos	28.510.880,37
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	22.329.424,75
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	11.725.973,72
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	10.603.451,03
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	2.876.914,65
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0,00
Total obrigas recoñecidas	25.206.339,40
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	1.737.917,51
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	449.881,30
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	3.717.265,05
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	3.570.584,65
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	2.334.479,21

- **REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA**

O remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2020 ascendeu a 3.669.964,00€, e desagregase do seguinte xeito:

1. Fondos líquidos	8.634.262,21
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	13.265.711,31
2.a. Do orzamento corrente	4.255.046,74
2.b De orzamentos pechado	11.386.198,11
2.c De operacións non orzamentarias	17.989,97
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	2.393.523,51
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	6.291.475,97
3.a. Do orzamento corrente	2.106.202,12
3.b. De orzamentos pechados	74.921,03
3.c. De operacións non orzamentarias	4.119.155,34
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	8.802,52
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	15.608.497,55
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	8.147.120,28
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	3.791.413,27
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	3.669.964,00

B) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 209.2 do TRLRFL, a Conta Xeral das entidades locais, estará integrada ademais de pola conta da propia entidade pola dos seus organismos dependentes, polo que se somete a esta Comisión a Conta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2019, que será sometida á aprobación do Consello Reitor en sesión que terá lugar o vindeiro 22 de outubro de correntes, presentando o seguinte detalle:

I. - BALANCE.

	2016	2017	2018	2019	2020
ACTIVO					
ACTIVO NON CORRENTE	783.797,27	799.764,73	833.026,00	849.214,45	927.089,43

ACTIVO CORRENTE	361.795,95	305.508,98	279.747,28	253.241,47	396.151,59
DEBEDORES C/P	303.836,20	110.351,79	37.452,88	221.000,05	329.000,05
TESOURERÍA	57.959,75	195.157,19	242.294,40	32.241,42	67.151,54
TOTAL ACTIVO	1.145.593,22	1.105.273,71	1.112.773,28	1.102.455,92	1.323.241,02
PASIVO					
PATRIMONIO NETO	992.003,00	1.012.716,17	1.063.041,08	1.087.253,98	1.171.651,15
FONDOS PROPIOS	992.003,00	1.012.716,17	1.063.041,08	1.087.253,98	1.171.651,54
Pasivo non corrente	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Pasivo corrente	153.590,22	92.557,54	49.732,20	15.201,94	151.589,87
TOTAL PASIVO	1.145.593,22	1.105.273,71	1.112.773,28	1.102.455,92	1.323.241,41
FONDO MANIOBRA	208.205,73	212.951,44	230.015,08	238.039,53	244.561,72
FM/tesourería	359,22%	109,12%	94,93%	738,30%	364,19%

II.- CONTA DE RESULTADOS.

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflicta un superávit por importe de 84.397,17 €.

III.- ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

- Cambios do patrimonio neto por importe de 84.397,17 €.
- Estado de Ingresos e Gastos recoñecidos cunha variación por importe de 84.397,17 €
- Operacións patrimoniais coa entidade propietaria por importe de 1.041.670,86 €.

IV.- ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtivo un aumento do efectivo por importe de 34.910,12 €, sendo o efectivo ao final do exercicio de 67.151,54 €.

V.- LQUIDACIÓN ORZAMENTO.

- Resultado Presupostario (dereitos – obrigas): 6.522,19 €, non procedendo axustes, sendo o Resultado Presupostario axustado de 6.522,19 €.
- Remanente de Tesourería total (fondos líquidos + dereitos pendentes de cobro – obrigas pendentes de pago): 266.031,84 €, elaborado segundo determinan os artigos 103 e 104 do Real Decreto 500/90; o remanente de tesourería para gastos xerais ascende a 244.561,72 €, por considerarse saldos de dubidoso cobro por importe de 21.470,07€, que se desprenden do cálculo realizado segundo establece o artigo 193.bis do TRLRFL, engadido pola Lei 27/2013 de racionalización da Administración Local. Non existen desviacións de financiamento por non contar con financiamento afectado.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como no art. 212.4 da LALG e o artigo 48 do RD Lei 11/2020 de 31 de marzo.

En consecuencia, vistos os Informes da Intervención municipal á Conta Xeral 2020 obrantes no expediente electrónico, así como o informe da Interventora delegada da Fundación de Deportes. Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 29 de xullo de 2021.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como o art. 212.4 da LALG.

Tendo en conta que se cumpriron os trámites de exposición ao público mediante publicación do expediente no BOP N° 150 de data 6 de agosto de 2021, durante 15 días hábiles e oito máis, sen que se presentasen alegacións, tal e como se constata no certificado da Secretaría Xeral.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación:

1. A aprobación da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ó exercicio 2020.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica
O ALCALDE

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12) e sete abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ao exercicio 2020.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 03/CE/2021 PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “ADQUISICIÓN DE TERREOS NO RAMAL”. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de setembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 03/CE/2021.

Mediante Providencia da Alcaldía incóase o expediente Nº03/CE/2021 de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de 1.886.120,46 € para atender a seguinte actuación:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	DA RLTª GX	TOTAL
172-600	RLTGX (4) Nº 01/01/2021	ADQUISICIÓN DE TERREOS NO RAMAL PARA DEFENSA DA FACHADA MARITMA.	1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46
TOTAIS			1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46

O que se pretende con este expediente é dotar o crédito necesario para adquirir a parcela de titularidade da Autoridade Portuaria, situada na confluencia da Avda. Rivero de Aguilar, Peirao do Ramal e Praia da Concha, (Ref. catastral 9168055NH1186N0001VT).

Dita parcela, que conta cunha superficie de 6.829,50 m², dada a súa ubicación así como a súa superficie, esta Alcaldía considera que a súa incorporación o patrimonio municipal constitúe unha oportunidade única para que Vilagarcía de Arousa conte cun gran espazo diáfano fronte ó mar.

O inmovible foi valorado polo Arquitecto Técnico Municipal na contía de 1.885.903€ e polo técnico taxador da Autoridade Portuaria no prezo de 1.886.120,46€, sendo este último prezo tamén validado polo Arquitecto Municipal.

Adquirir a referida parcela entra dentro do pacto de colaboración alcanzado coa á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, pacto que integra aspectos reiteradamente demandados, necesarios e estratéxicos para a cidade, como son o respecto e a defensa da fachada marítima.

Por outra banda, é urxente que se leven a cabo todas as actuacións xurídicas e orzamentarias que sexan precisas para poder facer efectiva a adquisición o antes posible, posto que se ten constancia de que existen entidades particulares có mesmo interese, o que representa un risco por canto podería derivar na construción de barreiras arquitectónicas ao mar.

Este pacto favorecerá a apertura parcial dun novo espazo para o desfrute de toda a cidadanía no peirao do Ramal, eliminando vellas barreiras ao mar e favorecendo a relación co mesmo, contribuíndo á apertura dun espazo que conecte o paseo marítimo co parque Miguel Hernández, dentro dun acordo global coa entidade portuaria e acorde có modelo de cidade que Vilagarcía se merece.

Polo tanto, trátase dun gasto específico e determinado para os que se precisa contar con consignación orzamentaria con carácter urxente, e para o que no orzamento non existe crédito suficiente e axeitado, non sendo admisible esperar o próximo exercicio para a súa execución.

Tendo en conta que na liquidación do exercicio 2020 obtívose un Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais en termos consolidados que ascendeu a 3.415.830,05€, e que de

dito remanente tense empregado a contía de 450.756,20€ mediante expedientes de modificación orzamentaria, o que nos deixaría un RLT^aGX susceptible de emprego como recurso de financiamento que ascendería a 2.965.073,85€, suficiente para financiar os aumentos que se propoñen por un importe de 1.886.120,46€ ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Visto que en virtude do acordo do Consejo de Ministros de 6 de outubro de suspensión das regras fiscais reguladas na LOEOSF 2/2012, (ratificado pola maioría absoluta do Pleno do Congreso dos Deputados do pasado 20 de outubro de 2020, poderán utilizarse os remanentes de tesourería nos ermos do TRLRFL 2/2004.

Visto o informe de Intervención adxunto ó expediente, esta Alcaldía, sendo consciente das repercusións financeiras da modificación proposta pero tamén da relevancia que supón para a cidadanía o investimento pretendido, asumindo o compromiso de adoptar as medidas que no seu caso sexan precisas para manter o Concello nunha situación de estabilidade e solvencia, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente N°03/CE/2021 de crédito extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais por importe de 1.886.120,46€ para atender os gastos derivados do seguinte proxecto de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	DA RLT ^a GX	TOTAL
172-600	RLTGX (4) N° 01/01/2021	ADQUISICIÓN DE TERREOS NO RAMAL PARA DEFENSA DA FACHADA MARITMA.	1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46
TOTAIS			1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46

SEGUNDO:: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 é RLT^aGX obtido na liquidación 2020 por importe global de 1.886.120,46€.

TERCEIRO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento para os novos proxectos de gasto relacionados no apartado primeiro da presente proposta.

CUARTO: Expoñer ao público o expediente N°03/CE/2021 de créditos extraordinarios financiados con RLT^aGX, mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretende acometerse coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2021 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica
O ALCALDE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario n° 03/CE/2021 para o investimento denominado "adquisición de terreos no Ramal".

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12), 1 abstención da Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila (1), e seis votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente N°03/CE/2021 de crédito extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais por importe de 1.886.120,46€ para atender os gastos derivados do seguinte proxecto de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	DA RLTª GX	TOTAL
172-600	RLTGX (4) N° 01/01/2021	ADQUISICIÓN DE TERREOS NO RAMAL PARA DEFENSA DA FACHADA MARITMA.	1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46
TOTAIS			1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46	1.886.120,46

SEGUNDO:: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 é RLTªGX obtido na liquidación 2020 por importe global de 1.886.120,46€.

TERCEIRO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento para os novos proxectos de gasto relacionados no apartado primeiro da presente proposta.

CUARTO: Expoñer ao público o expediente N°03/CE/2021 de créditos extraordinarios financiados con RLTªGX, mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretende acometerse coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2021 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da

correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- D Cándido Meixide Figueiras, con DNI 35438385P, representando á plataforma veciñal de Vilaxoán, en relación coa moción do grupo político municipal do BNG que figura no punto 7 da orde do día do Pleno.

O Sr. Meixide Figueiras expón as reivindicacións da Plataforma Veciñal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS COA VILA DE VILAXOÁN: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de setembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 21 de setembro de 2021, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA O CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS COA VILA DE VILAXOÁN.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, en apoio ás reivindicacións das veciñas e veciños de Vilaxoán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno de xullo do ano pasado, aprobouse una iniciativa na que o goberno se comprometeu coas veciñas e veciños de Vilaxoán, en trazar una estratexia en colaboración coa veciñanza e co resto dos grupos da corporación, para recuperar a identidade e o potencial da vila.

Así mesmo, dende este mesmo grupo, pedíase que Portos de Galiza cesara nas taxas abusivas e o réxime sancionador, así como, que se cederan os terreos que non tiveran uso portuario; entre outras medidas.

Vilaxoán é unha vila mariñeira que leva anos vendo como esmorece como pobo e como entidade fundamental dentro do conxunto do noso Concello. A isto, hai que engadirlle, a perda de servizos como a oficina de ABANCA ou o problema coa oficina de Correos.

Sabendo que dende o goberno se subsanaron algúns dos problemas ou que se realizaron os trámites formais para solicitar as demandas ás outras administración e entidades, dende o BNG entendemos que non é suficiente.

Dende o BNG entendemos que Vilagarcía ten unha débeda histórica con Vilaxoán polo que se debe traballar para que, xunto con Carril e Vilagarcía, forme parte dos núcleos urbanos de relevancia.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

ACORDO

1. Constituír a mesa de traballo para establecer un Plan Integral de recuperación e devolución do carácter identitario da noutroira potencia social e económica que foi a Vila de Vilaxoán de Arousa, co compromiso de todos os grupos da corporación e coa colaboración das veciñas e veciños.
2. Exercer medidas de presión reais, como a retirada das relacións financeiras con ABANCA, como se está a facer en outros moitos concellos.
3. Volver a instar a Portos de Galiza á suspensión das taxas abusivas e do réxime sancionador e á derogación da lei de Portos de Galiza.
4. Atender ás demandas das plataformas veciñais, mentres non se constituía unha nova asociación veciñal que funcione como canle de entendemento e comunicación entre o concello e a veciñanza.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para cumprimento dos compromisos coa Vila de Vilaxoán.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con tres votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), catro abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4) e doce votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG para cumprimento dos compromisos coa Vila de Vilaxoán.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN EN DEFENSA DOS SERVIZOS FERROVIARIOS EN VILAGARCÍA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de setembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 21 de setembro de 2021, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Mnuel Fajardo Recouso, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción Ampliación de Frecuencias de ferrocarril entre Vilagarcía e Madrid

Exposición de Motivos.

Nos últimos meses coñecemos a decisión de Renfe, de que as novas liñas con destino Madrid que parten de Vigo e ou Pontevedra, non realicen ningunha parada na estación de Vilagarcía de Arousa, hoxe unicamente unha frecuencia de ida e outra de volta prestan este servizo a Vilagarcía e a súa comarca, fronte as seis frecuencias que pasan pola nosa estación sen realizar ningunha parada.

Un suposto compromiso de RENFE e o Alcalde de Vilagarcía promete a realización dunha frecuencia con parada en Vilagarcía a partir do mes de Decembro do presente ano, feito que non se sustenta en ningún compromiso oficial coñecido por este pleno.

Esta decisión supón unha discriminación para a cidadanía de Vilagarcía e da comarca do Salnés, ademais dun problema de económico de enorme importancia para o noso tecido empresarial.

Non existe explicación coherente que sosteña esta decisión, a vez que outras entidades de similar ou menor importancia económica e social si van ter esta conexión con Madrid, mais parece unha decisión tomada no despacho da alcaldía doutro concello da Provincia, co único obxectivo de vender unha redución dos tempos da viaxe entre Vigo e Madrid, así o alcalde de Vigo chegou incluso a ofrecer unha limosna ao noso concello a través de declaración de prensa nas que afirmaba que, de existir demanda, el mesmo demandaría un novo tren Vigo Madrid con

parada en Vilagarcía.

Son polo tanto os seus intereses políticos os que actúan en detrimento dos intereses da veciñanza de Vilagarcía, actitude que non pode ser consentida por esta corporación municipal.

Ademais, a estación de Vilagarcía vese afectada polos continuos recortes de persoal e liñas que impiden o uso de esta estación para moitos viaxeiros e sobre todo para as conexións de Vilagarcía, mediante trens rexionais, con Pontecesures, Catoira ou Padrón.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

Primeiro.- Demandar de RENFE o incremento de servizos a Madrid na medida en que se igualen aos servizos que desta liña pasen por Vilagarcía.

Segundo.- Demandar de RENFE a inmediata reposición dos traballadores, a cobertura das baixas por calquera motivos dos traballadores da estación de Vilagarcía e a recuperación das liñas que foron suprimadas por mor da pandemia.

Terceiro.- Trasladar esta petición ao ministerio de Transporte, Movilidade e axenda urbana, a dirección de RENFE e a dirección de ADIF.

Cuarto .- Declarar persoa non grata ao Alcalde de Vigo, Abel Caballero como reponsable último da non creación de novas frecuencias de Renfe entre Vilagarcía e Madrid.

Quinto .- Dar traslado do presente acordó aos grupos parlamentarios do Congreso e os grupos municipais do concello de Vigo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común en defensa dos servizos ferroviarios en Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1) e Vilagarcía en Común (1), unha abstención da Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila (1) e doce votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común en defensa dos servizos ferroviarios en Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Neste momento auséntanse da sesión as Sra. María Mochales e César Veloso.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A REGULACIÓN MEDIANTE UNHA ORDENANZA MUNICIPAL DA CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL EN VILAGARCÍA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de setembro de 2021, do seguinte teor

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 21 de setembro de 2021, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de setembro de 2021 a seguinte MOCIÓN:

"Regulación mediante ordenanza municipal da circulación de Vehículos de Mobilidade Persoal en Vilagarcía"

EXPOÑEN

O uso de Vehículos de Mobilidade Persoal incrementouse nos últimos meses e anos de maneira destacada nas cidades e vilas españolas. Vilagarcía non é unha excepción a esta tendencia e o certo é que é habitual que este tipo de vehículos se despracen polas distintas vías e rúas do termo municipal. Ás veces a velocidade aparentemente inadecuada e sorteando peóns, co risco que iso conleva.

Se ata hai uns anos o seu número, frecuencia e uso non foron significativos, dun tempo a esta parte a tendencia volveuse crecente no que se refire á presenza deste tipo de vehículos en Vilagarcía.

A convivencia entre peóns e os diferentes vehículos eléctricos ou a pedais polas rúas e beirarrúas xera unhas necesidades evidentes de regulación para protexer a todos os actores implicados e para que prime a súa seguridade. De feito, cada vez son máis numerosas as queixas dos viandantes e as dúbidas por parte dos usuarios sobre a normativa a aplicar nos desprazamentos urbanos destes vehículos.

Mentres outras cidades deron xa o paso de regular este tipo de vehículos mediante ordenanzas municipais, en Vilagarcía aínda non existe un texto específico, actualizado e adaptado ás novas necesidades de mobilidade e á configuración da cidade. Especialmente nas rúas e prazas peonalizadas.

Así mesmo o Goberno de España aprobou o 10 de novembro de 2020 o Real Decreto 970/2020 (con entrada en vigor a partir do 2 de xaneiro de 2021), polo que se modifica o Regulamento Xeral de

Circulación e se regula a nivel nacional o uso de Vehículos de Mobilidade Persoal.

De xeito complementario a esta normativa estatal e como xa acontece noutras cidades, consideramos imprescindible a implantación dun regulamento municipal propio. Sendo evidente que para a redacción do texto da ordenanza será imprescindible seguir o criterio da Policía Local de Vilagarcía.

Resulta necesario ademais que, unha vez o Concello de Vilagarcía conte co texto da ordenanza e entre en vigor, se leve a cabo unha campaña de información cidadá para que toda a veciñanza – peóns e usuarios de VMP – coñezan os seus dereitos e as súas obrigas á hora de desprazarse e convivir nas rúas da cidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía

SOLICITA

1. Que, seguindo o criterio da Policía Local, se redacte e aprobe unha ordenanza municipal que regule o uso de Vehículos de Mobilidade Persoal no Concello de Vilagarcía de Arousa.

2. Que, unha vez se aprobe a referida ordenanza e entre en vigor, se leve a cabo unha campaña de información cidadá para que toda a veciñanza – peóns e usuarios de VMP – coñezan os seus dereitos e as súas obrigas á hora de desprazarse e convivir nas rúas da cidade.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a regulación dunha ordenanza municipal da circulación de vehículos de mobilidade persoal en Vilagarcía.

- Polo grupo político municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda para a redacción do apartado 1: Que se inclúa na futura Ordenanza Municipal de Mobilidade a regulación do uso de

vehículos de mobilidade Persoal dentro do Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Polo grupo político municipal do PP acéptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (17 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Que, seguindo o criterio da Policía Local, se inclúa na futura Ordenanza Municipal de Mobilidade a regulación do uso de Vehículos de Mobilidade Persoal dentro do Concello de Vilagarcía de Arousa.

2. Que, unha vez se aprobe a referida ordenanza e entre en vigor, se leve a cabo unha campaña de información cidadá para que toda a veciñanza – peóns e usuarios de VMP – coñezan os seus dereitos e as súas obrigas á hora de desprazarse e convivir nas rúas da cidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA PROMOVER ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES INCLUSIVAS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de setembro de 2021, do seguinte teor

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 21 de setembro de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de setembro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA PROMOVER ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES INCLUSIVAS
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As crianzas con necesidades especiais, ás veces, ven truncados os seus desexos de acceder a determinadas actividades públicas extraescolares ou complementarias, xa sexan de carácter lúdico ou deportivo.

As actividades deportivas son unha parte fundamental no desenvolvemento físico e cognitivo da infancia. É de sobra coñecido que a actividade física resulta beneficiosa e recomendable para todas as crianzas como parte fundamental do seu proceso de desenvolvemento persoal e social. Sendo de vital importancia as actividades por ser facilitadoras de ferramentas terapéuticas como poden ser a socialización en actividades en quipo, aprendizaxes cooperativo, relacións entre iguais. A inclusión é necesaria en tódolos ámbitos da vida cotiá para acadar autonomía persoal e habilidades básicas da vida diaria.

É un dereito esencial de calquera crianza recibir as medidas de apoio que favorezan o seu acceso ás actividades ordinarias ou complementarias en condicións de igualdade. A non asignación de recursos para a atención á diversidade crea unha barreira engadida ás que xa padecen decotío e castiga ás familias discriminándoas polas necesidades especiais dos seus fillos e fillas.

Así no artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro (BOE núm. 289 de 3/12/2013), no referido ás condicións básicas de accesibilidade e non discriminación, indícase:

"1. El Gobierno, sin perjuicio de las competencias atribuidas a las comunidades autónomas y a las entidades locales, regulará las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación que

garanticen los mismos niveles de igualdad de oportunidades a todas las personas con discapacidad."

O como indica neste mesmo artigo o apartado 2.C:

"Apoyos complementarios, tales como ayudas económicas, productos y tecnologías de apoyo, servicios o tratamientos especializados, otros servicios personales, así como otras formas de apoyo personal o animal. En particular, ayudas y servicios auxiliares para la comunicación, como sistemas aumentativos y alternativos, braille, dispositivos multimedia de fácil acceso, sistemas de apoyos a la comunicación oral y lengua de signos, sistemas de comunicación táctil y otros dispositivos que permitan la comunicación."

Así mismo, el LOMLOE en su artículo 71. 2 indica:

"Corresponde a las Administraciones educativas asegurar los recursos necesarios para que los alumnos y alumnas que requieran una atención educativa diferente a la ordinaria, por presentar necesidades educativas especiales, por retraso madurativo, por trastornos del desarrollo del lenguaje y la comunicación, por trastornos de atención o de aprendizaje, por desconocimiento grave de la lengua de aprendizaje, por encontrarse en situación de vulnerabilidad socioeducativa, por sus altas capacidades intelectuales, por haberse incorporado tarde al sistema educativo o por condiciones personales o de historia escolar, puedan alcanzar el máximo desarrollo posible de sus capacidades personales y, en todo caso, los objetivos establecidos con carácter general para todo el alumnado."

Esta obriga de manter a accesibilidade en xeral e, máis concretamente, a inclusión no sistema educativo debe estenderse tamén a outro tipo de actividades non reguladas de carácter público nas que adoitan participar menores de todos os Concellos de Galicia. Referímonos ás chamadas actividades extraescolares ou complementarias que ofrecen os centros escolares, así como as actividades e servizos para crianzas que ofrece o concello.

Do mesmo modo no que a obriga de garantir o ensino en igualdade recae sobre a institución educativa, en concreto sobre a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, non podemos eludir a responsabilidade que a institución municipal ten de que as actividades complementarias cumpran coas normas básicas de inclusión. En consecuencia, nas actividades ás que asistan menores con necesidades especiais deberanse realizar medidas de apoio, adaptacións nas programacións e terán que elaborarse protocolos específicos adaptados á diversidade que se estea a tratar.

É necesario, por tanto, dotar aos centros de recursos para levar a cabo os citados apoios, xa sexa mediante a contratación de persoal especializado, a realización de protocolos de acción por parte de profesionais específicos, a redución da ratio nas actividades ou calquera outra medida que se considere necesaria. De igual xeito se debería actuar nas actividades que ofrece o concello, a través da fundación de deportes e outras concellerías para as crianzas da vila. Estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das capacidades persoais, e a consecución dos obxectivos establecidos con carácter xeral para todos os participantes na actividade en cuestión.

Tamén é importante que a accesibilidade estea presente nos espazos públicos de divertimento e socialización das crianzas, para garantir a universalidade do dereito ao desfrute dos espazos públicos. Neste senso, existen diversas iniciativas que se están a levar a cabo en distintas cidades, como pode ser o "Parque de la Amistad" de Montevideo que nos marcan o camiño a seguir.

Tras máis dun ano e medio de pandemia, e unha vez que o avance da vacinación está a permitir o retorno paulatino das actividades, consideramos que é un momento oportuno para abrir este debate e que a volta á normalidade sexa tamén inclusiva comezando polas persoas máis vulnerables, como é o caso dos nenos e nenas con necesidades especiais.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Instar ao Goberno Local a:

1) Redactar unha normativa municipal específica mediante a cal se poida proporcionar aos centros de actividades lúdicas e deportivas deste Concello os recursos e o asesoramento que sexan precisos solicitando os mesmos ás administracións pertinentes con competencias nas distintas áreas para que as crianzas con necesidades especiais poidan asistir sen dificultades engadidas ás actividades que alí se realicen.

2) Poñer en marcha medidas de carácter urxente, durante o tempo que se estea a redactar a citada normativa, que permitan paliar as problemáticas actuais e mentres se dota a dita normativa dos recursos e asesoramento pertinentes.

3) Revisar a accesibilidade dos parques e zonas de ocio infantís e xuvenís para a súa adaptación.

4) Elaborar un estudo para a transformación/creación dun parque ou área de ocio infantil adaptado e inclusivo (dende os criterios de accesibilidade física, visual, auditiva, psicosensitiva e comunicacional) que facilite a convivencia das crianzas independentemente das súas distintas realidades e a elaboración dunha folla de ruta anual de actividades inclusivas para o seu desenrolo.

ANEXO

Artigo 23. Condicións básicas de accesibilidade e non discriminación.

1. O Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas e ás entidades locais, regulará as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que garantan os mesmos niveis de igualdade de oportunidades para todas as persoas con discapacidade.

Dita regulación será gradual no tempo e no alcance e o contido das obrigas impostas, e abranguerá tódolos ámbitos e áreas das enumeradas no artigo 5.

2. As condicións básicas de accesibilidade e non discriminación establecerán, para cada ámbito ou área, medidas concretas para prever ou suprimir discriminacións, e para compensar desvantaxes ou dificultades. Inclúiranse disposicións sobre, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Exixencias de accesibilidade dos edificios e contornas, dos instrumentos, equipos e tecnoloxías, e dos bens e produtos empregados no sector ou área. En particular, a supresión de barreiras e as instalacións e a adaptación de equipos e instrumentos, así como a apropiada sinalización nos mesmos.

b) Condicións máis favorables no acceso, participación e utilización dos recursos de cada ámbito ou área e condicións de non discriminación en normas, criterios e prácticas.

c) Apoios complementarios, tales como axudas económicas, produtos e tecnoloxías de apoio, servizos ou tratamentos especializados, outros servizos persoais, así como outras formas de apoio persoal ou animal. En particular, axudas e servizos auxiliares para a comunicación, como sistemas aumentativos e alternativos, braille, dispositivos multimedia de fácil acceso, sistemas de apoios á comunicación oral e lingua de signos, sistemas de comunicación táctil e outros dispositivos que permitan a comunicación.

d) A adopción de normas internas nas empresas e centros que promovan e estimulen a eliminación de desvantaxes ou situacións xerais de discriminación ás persoas con discapacidade, incluídos os axustes razoables.

e) Plans e calendario para a implantación das esixencias de accesibilidade e para o establecemento das condicións máis favorables de non discriminación.

f) Recursos humanos e materiais para a promoción da accesibilidade e a non discriminación no ámbito do que se trate.

3. As condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que establecerán tendo en conta os diferentes tipos de graos de discapacidade que deberán orientar tanto no deseño inicial como os axustes razoables das contornas, produtos e servizos de cada ámbito da aplicación da lei.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para promover actividades extraescolares inclusivas.

- Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE para substituír "normativa" por protocolo específico".

- A representante do grupo político municipal de Podemos - Marea da Vila acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (17 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e:

- 1) Redactar un protocolo específico mediante o cal se poida proporcionar aos centros de actividades lúdicas e deportivas promovidas polo Concello. Os recursos e o asesoramento que sexan precisos solicitaranse ás administracións pertinentes con competencias nas distintas áreas para que as crianzas con necesidades especiais poidan asistir sen dificultades engadidas ás actividades que alí se realicen.
- 2) Poñer en marcha medidas de carácter urxente, durante o tempo que se estea a redactar o citado protocolo, que permitan paliar as problemáticas actuais e mentres se dota a ditas actividades/proxectos dos recursos e asesoramento pertinentes.
- 3) Revisar a accesibilidade dos parques e zonas de ocio infantís e xuvenís para a súa adaptación.
- 4) Elaborar un estudo para a transformación/creación dos parques (actuais ou futuros) ou áreas de ocio infantil adaptado e inclusivo (dende os criterios de accesibilidade física, visual, auditiva, psicosensitiva e comunicacional) que facilite a convivencia das crianzas independentemente das súas distintas realidades e a elaboración dunha folla de ruta anual de actividades inclusivas para o seu desenrolo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE VILAGARCÍA EN COMÚN E PODEMOS-MAREA DA VILA SOBRE RECUPERACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE CORREOS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de setembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila e Vilagarcía en Común, coa data de 23 de setembro de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González como Voceira do Grupo Municipal de Podemos-Marea Da Vila; Juan Manuel Fajardo Recouso en calidade de Voceiro do Grupo municipal de Vilagarcía en Común; ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 24 de xuño de 2021 a seguinte:

Moción en Defensa do Servizo Público de Correos

Nun contexto como o actual, o Servizo postal prestado por Correos desempeña un indubidable papel para contribuír á cohesión social, territorial e económica do país, especialmente, no ámbito municipal, percorrendo e atendendo diariamente todas as localidades e concellos do país, garantindo a prestación dun servizo público á cidadanía, empresas e administración en todos os núcleos de poboación, a marxe da súa rendibilidade económica.

Son máis de 800 os concellos atendidos no conxunto do estado, 16 millóns de fogares, 3,2 millóns de empresas (máis do 99% son pemes) e un total de 7100 puntos de atención no ámbito rural (carteiros/as rurais e oficinas) e máis de 100.000 quilómetros diarios.

Os servizo postais, declarados durante o estado de alarma servizos esenciais e recoñecidos como un elemento de vertebración e cohesión territorial, son un valor arraigado na vida social dos municipios desde a prestación dun servizo público, contribúen ao seu desenvolvemento

económico facilitando e dando accesibilidade ao dereito dos cidadáns, comercios, empresas e administración a dispoñeren dun servizo postal a prezo accesible e decalidade. Pero coas actuais políticas estratéxicas e de xestión da Dirección de Correos, este dereito estase vendo fortemente recortado e limitado

A actual política de recortes de persoal e de oficinas, é xa de facto unha realidade no noso concello e na provincia de Pontevedra, a empresa suprime postos de traballo cada mes e recorta a contratación temporal e deixa sen cubrir o emprego estrutural, ademais de non cubrir as baixas de persoal por permisos, vacacións ou baixas.

Durante a pandemia a empresa procedeu a concentración de traballadores, saltándose todas medidas de prevención, e trasladaron os carteiros e carteiros desde Rianzo a Boiro, os de Cerceda a Ordes; na provincia de A Coruña. A provincia de Pontevedra non é allea a estes recortes, é concretamente no concello, Vilagarcía de Arousa, tampouco. Estase confeccionando un estudo de proposta de dimensionamento dos servizos e plantilla, que o que vai a provocar é a merma no servizo público que presta Correos na nosa localidade mediante a redución de postos e áreas de reparto. Elimínanse postos de reparto na cidade, un servizo rural no concello de Catoira e recorte de atención ao público da oficina, con constantes colas para seres atendidos os cidadáns, como consecuencia do recorte de xornadas e a negativa da empresa pública a atender as peticións das organizacións sindicais da apertura dunha nova oficina na zona das Pistas, que permitiría desconxestionar as cargas de traballo que sofren as/os traballadoras/es deste centro. É norma dos xestores de Correos, que a planificación dos permisos e vacacións da plantilla non contemple a cobertura das ausencias, feito que repercute no servizo que se presta e na súa calidade.

Igualmente, manifestamos que esta decisión estase a adoptar sen expoñerse nin escoitar con carácter previo as administracións locais afectadas.

Tal como recolle a norma total das persoas usuarias remitentes ou destinatarias de envíos postais teñen dereito a un servizo postal universal e de calidade, prestado de forma permanente, en todo o territorio e a presas accesibles, polo menos cinco días á semana, conforme a normativa europea e nacional de aplicación.

O alcance e a prestación efectiva do servizo postal universal deberán responder aos principios de cohesión social e territorial, sen discriminación por razón de calquera circunstancia ou condición persoal, social ou xeográfica, continuidade, eficacia e eficiencia no servizo, e deberá adecuarse permanentemente as condicións técnicas, económicas, sociais e territoriais e ás necesidades das persoas usuarias, particularmente en materia de densidade de puntos de acceso e de accesibilidade a eles, sen menoscabo da súa calidade.

Por todo o exposto, os grupos asinantes proponen a adopción dos seguintes Acordos:

Primeiro.

A corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa solicita de, SAE CORREOS E TELÉGRAFOS, S.M.E, SOCIEDADE ESTATAL DE PARTICIPACIÓNS INDUSTRIAIS (SEPI), MINISTERIO DE FACENDA, MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA E GOBERNO DO ESTADO, que

Se atenda de forma dilixente a cobertura dos postos de traballo estruturais suprimidos no concello de Vilagarcía de Arousa, necesarios para prestar un servizo de calidade a cidadanía.

Se manteña a calidade das condicións laborais, garantindo un cadro de persoal con suficientes traballadoras e traballadores de forma que se podan realizar as necesarias substitucións por enfermidade, permisos ou vacacións.

Se garantan os compromisos de financiamento, que permitan na nosa localidade, cumprindo os parámetros de calidade determinados por lei, o correcto desempeño da prestación dos servizos postais, e asegurando que toda a cidadanía reciba a repartición de correspondencia cinco días á semana como establece a Directiva Postal Europea.

Se manteña a oficina de Vilaxoán, cun horario adecuado, e se incrementen os servizos que presta.

Se cree unha nova oficina postal no barrio do Piñeiriño.

Segundo.-

Dar traslado do presente acordo ao Goberno do Estado, os Grupos parlamentarios do Congreso, e á Sociedade Estatal de Correos e telégrafos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción conxunta presentada polos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila sobre recuperación do Servizo Público de Correos.

- Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE seguinte:

Engadir no último parágrafo do apartado primeiro da moción: "ou na zona que decidan a empresa e os traballadores para dar maior cobertura á poboación".

- As/os representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila aceptan a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (17 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción conxunta presentada polos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila e solicitar de, SAE CORREOS E TELÉGRAFOS,S.M.E, SOCIEDADE ESTATAL DE PARTICIPACIÓNS INDUSTRIAIS (SEPI), MINISTERIO DE FACENDA, MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA E GOBERNO DO ESTADO, que

Se atenda de forma dilixente a cobertura dos postos de traballo estruturais suprimidos no concello de Vilagarcía de Arousa, necesarios para prestar un servizo de calidade a cidadanía.

Se manteña a calidade das condicións laborais, garantindo un cadro de persoal con suficientes traballadoras e traballadores de forma que se podan realizar as necesarias substitucións por enfermidade, permisos ou vacacións.

Se garantan os compromisos de financiamento, que permitan na nosa localidade, cumprindo os parámetros de calidade determinados por lei, o correcto desempeño da prestación dos servizos postais, e asegurando que toda a cidadanía reciba a repartición de correspondencia cinco días á semana como establece a Directiva Postal Europea.

Se manteña a oficina de Vilaxoan, cun horario adecuado, e se incrementen os servizos que presta.

Se cree unha nova oficina postal no barrio do Piñeiriño, ou na zona que decidan a empresa e os traballadores para dar maior cobertura á poboación.

Segundo.-

Dar traslado do presente acordo ao Goberno do Estado, os Grupos parlamentarios do Congreso, e á Sociedade Estatal de Correos e telégrafos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12- INTERPELACIÓN OU CONTROL DAS DECISIONS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Debido á aplicación das normas de distancia social e control de aforo para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210930&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.